


## AS AUGAS

1. A auga na Terra.
2. O curso e o caudal dun río.
3. Outras augas continentais.
4. As augas mariñas.
5. **Glosario:** Conca hidrográfica, Río, Afluente, Lago Mar, Curso, Cuadal, Meandro, Esteiro, Delta, Chaira aluvial, Estiaxe, Acuífero, Glaciar, Corrente mariña, Marea, Iceberg, Fonte termal, Manancial.

### 1. A AUGA NA TERRA.


#### 1.1. As augas mariñas e as augas continentais

- As **augas mariñas** supoñen o **97%** do total das augas da Terra e están compostas polos mares e polos océanos. Son augas salgadas.
- As **augas continentais** representan algo menos do **3%** do total das augas da Terra. Polo xeral son augas doces, pero menos do 1% é apta para o consumo humano. Divídense en:
  - **Augas superficiais:** xeo e neve dos glaciares, ríos e lagos.
  - **Augas subterráneas.**



#### 1.2. Os ríos

- Un río é unha **corrente de auga permanente**.
- **Fórmase pola acumulación da auga da chuvia e do desxeo** ou porque as augas subterráneas saen á superficie.
- As augas do río discorren polo **leito**, que é a liña que se debuxa nos mapas.
- Se un río desemboca no mar ou nun lago, denomínase **río principal**, mentres que se desemboca noutro río, denomínase **afluente**.
- Todo o territorio que ocupa un río principal e os seus afluentes, recibe o nome de **conca hidrográfica**.




## 2. O CURSO E O CAUDAL DUN RÍO.

### 2.1. O curso dun río

- O curso é o **percorrido que un río realiza dende o seu nacemento ata a súa desembocadura.**
- Distinguimos tres tramos:
  - **Curso alto:**
    - Corresponde ós primeiros quilómetros de percorrido.
    - Adoita ser unha zona montañosa con pendentes pronunciadas, polo que as augas discorren rapidamente.
    - A auga ten tanta forza que erosiona o terreo creando **desfiladeiros ou gargantas**.
    - Nas zonas con desnivel pronunciado o río forma **fervenzas**.
  - **Curso medio:**
    - É a zona de menor pendente.
    - Ó ser un terreo máis chan, as augas van máis lentas.
    - As augas perden forza, polo que xa non erosionan o terreo, senón que transportan os materiais e forman curvas no trazado (**meandros**).
  - **Curso baixo:**

- É máis caudaloso, debido á chegada de auga dos **afluentes**.
- A velocidade da auga diminúe máis e vai depositando os materiais que transporta.
- Ás veces, os materiais que arrastra o río enchen superficies extensas e fórmanse **chairas aluviais**, que son terreos moi fértiles.
- Na desembocadura fórmanse **esteiros**, en que se mesturan a auga doce e salgada.
- Tamén se forman **deltas**, que son terreos de forma triangular debido á acumulación dos materiais.



## 2.2. O caudal


- O caudal é a **cantidade de auga que leva un río** e adoita variar coas estacións do ano:
  - Cando as augas dun río proceden do desxeo das Neves, o seu caudal aumenta en primavera.
  - Os ríos que teñen augas que proceden das precipitacións aumentan o seu caudal nas épocas de chuvia.
- Se o caudal do río varía pouco ao longo do ano, ten un **caudal regular**.
- En cambio, cando o caudal dun río varía moito, ten un **caudal irregular**.
- O caudal mínimo do río recibe o nome de **estiaxe** e adoita repetirse todos os anos na mesma época.



### 3. OUTRAS AUGAS CONTINENTAIS.

#### 3.1. Os lagos

- Un lago é unha **masa de auga que se acumulou de forma permanente no interior dos continentes, en zonas afundidas do terreo.**
- Cando é pequeno, denomínase **lagoa**, e se a súa auga é salgada, **mar interior**.



#### 3.2. As augas subterráneas


- As augas subterráneas son aquelas que **discorren e están embolsadas baixo a superficie terrestre.**
- Supoñen o 25% das augas continentais.
- Orixínanse cando unha parte da auga da chuvia e dos ríos penetra na terra a través de rochas porosas e descende ata topar unha capa formada por rochas impermeables. Deste modo, a auga embólsase e forma **acuíferos**.
- En ocasións, estas augas atopan unha saída ao exterior e xorden **mananciais** (se é auga fría) e **fontes termais** (se é auga quente).

#### 3.3. Os glaciares

- **A maior parte da auga doce da superficie terrestre está retida en forma de xeo nos glaciares.**

- Os glaciares son masas de xeo creadas pola acumulación de neve durante centos de anos e que se desprazan con maior ou menor rapidez.
- Na actualidade, os glaciares cobren o 11% da superficie terrestre.
- Cando un glaciar alcanza o mar, racha e forma **icebergs**, que son masas flotantes de xeo.
- Se un glaciar se orixina no cumio dunha montaña recibe o nome de **glaciar alpino**.

#### PARTES DUN GLACIAR



## 4. AS AUGAS MARIÑAS.

### 4.1. Características

- As augas mariñas están formadas polos **océanos e mares**.
- Os **océanos son grandes extensións de auga que rodean e separan os continentes**.
- Cando o tamaño das augas é menor e a súa **profundidade é inferior a 200 metros**, falamos de **mares**.
- A **principal característica** destas augas é que son **salgadas**.
- Non todas as augas son igual de salgadas. Aqueles mares máis pechados e cálidos teñen máis contido de sal, porque a calor fai que se evapore máis auga.





#### 4.2. Augas en constante movemento

- As augas mariñas están en constante movemento impulsadas por:
  - **As correntes mariñas:** desprazamentos de grandes masas de auga, semellantes a ríos, que circulan polos océanos.
  - **As mareas:** subidas e baixadas diarias do nivel do mar, provocadas pola atracción da Lúa e do Sol sobre as augas.
  - **As ondas:** ondulacións da superficie do mar producidas polo vento. As ondas soben e baixan de xeito circular e rompen cando rozan o fondo do mar.

